

ASUNTO: SOLICITUDE DE DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO PROXECTO PARQUE EÓLICO CUNCA, NO CONCELLO DE VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA).

Don Luis Celso Taboada Sanchez, con DNI. 35.249.584-Z como alcalde-presidente do Concello de Vila de Cruces,

EXPON

Dada conta da **RESOLUCIÓN do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Cunca, situado no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/02).**

O artigo 70.3 da LRBRL e o artigo 207 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) dispón que «Todos os cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e os seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a Lexislación de desenvolvemento do artigo 105, parágrafo b), da Constitución.

A denegación ou limitación deste dereito, en todo canto afecte á seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos ou a intimidade das persoas, deberá verificarse mediante resolución motivada.»

Tamén o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que quen ten capacidade de obras son titulares dos seguintes dereitos:

«Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico».

Ademais, cabe sinalar que polo artigo 5 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), que indica o seguinte: «Todos os cidadáns teñen dereito a:



c) Acceder á información de que dispoñan as Administracións Públicas sobre a ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como obter copia ou certificación das disposicións ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora.

d) Ser informados pola Administración competente, de forma completa, por escrito e en prazo razoable, do réxime e as condicións urbanísticas aplicables a unha leira determinada, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora.

f) Exercer a acción pública para facer respectar as determinacións da ordenación territorial e urbanística, así como as decisións resultantes dos procedementos de avaliación ambiental dos instrumentos que as conteñen e dos proxectos para a súa execución, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora».

E máis concretamente, a acción pública regúlase no artigo 62 desta norma, que establece o seguinte:

«1. Será pública a acción para esixir ante os órganos administrativos e os Tribunais Contencioso-Administrativos a observancia da lexislación e demais instrumentos de ordenación territorial e urbanística.

2. Se dita acción está motivada pola execución de obras que se consideren ilegais, poderá exercitarse durante a execución das mesmas e ata o transcurso dos prazos establecidos para a adopción das medidas de protección da legalidade urbanística».

Con base a esta regulación, calquera cidadán pode ter dereito de acceso á Resolución pola que se concede a tramitación ambiental, para poder constatar se se cumpre coa normativa vixente, xa que pola contra poderán exercer a acción pública para o seu defensa.

E máxime tratándose de expedientes conclusos, xa que o artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece que

“1. Inadmitiranse a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

a) Que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.”





Por tanto e a sensu contrario, se os expedientes están concluídos, como é este o caso si que poderán ser de acceso libre para os cidadáns, non debendo denegarse o dereito á obtención de información que esta Lei recoñece.

Ante o citado anteriormente,

SOLICITASE

Copia do expediente administrativo completo correspondente á **RESOLUCIÓN do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Cunca, situado no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/02).**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN
XUNTA DE GALICIA**

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 Pontevedra. Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 7DCRGWTTTRJMSHG6L3QH7Z | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3